



## VACINACIÓN FRONTE Á VARICELA (Abril 2016)

- **ACTUALIZACIÓN DO CALENDARIO DE VACINACIÓN INFANTIL**
- **VACINACIÓN EN GRUPOS DE RISCO**

### INTRODUCCIÓN

Dende o ano 2005, a vacina fronte á varicela está incluída no calendario de vacinación para a súa utilización en preadolescentes susceptibles aos 12 anos de idade e tamén para determinados grupos de risco noutras idades.

O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde aprobou en xuño de 2015 o calendario común de vacinación introducindo a vacinación fronte á varicela cunha pauta de dúas doses (aos 15 meses - 3 anos). De acordo con este modificouse o calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación, logo de consultar coa Comisión Asesora de Enfermidades Inmunoprevibles, que foi publicado no DOG do 9 de marzo de 2016.

Os cambios que se recollen nesta nota informativa fan referencia á introdución da vacinación fronte á varicela no calendario de vacinación infantil, dende o 1 de abril, para a súa administración aos 15 meses de idade, é dicir, nenos nados a partir do 1 de xaneiro de 2015, e a segunda dose administraráselles a medida que estes nenos vaian cumprindo os 3 anos de idade.

Ao mesmo tempo, lémbrese a necesidade de seguir a manter a vacinación nos nenos susceptibles aos 12 anos, así como nas persoas con risco elevado de complicacións polo padecemento desta enfermidade.

### CALENDARIO DE VACINACIÓN INFANTIL: vacina fronte á varicela

O día 1 de abril de 2016 entrará en vigor a actualización do calendario de vacinación infantil da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 9 e 14 de marzo de 2016), no cal destaca en relación a esta enfermidade:

#### A. Vacinación en nenos pequenos:

- **Primeira dose** aos 15 meses de idade (nenos nados a partir do 1 de xaneiro de 2015).
- **Dose de reforzo:** administrarase cando eses nenos vaian cumprindo os 3 anos de idade.



## **B. Vacinación en preadolescentes:**

- **Mantemento da vacinación sistemática nos preadolescentes susceptibles** (aqueles que non pasasen a enfermidade previamente ou que non estivesen xa vacinados) **aos 12 anos de idade.**

**Pauta:** dúas doses, cun intervalo entre elas de polo menos 4 semanas.

No caso de se ter vacinado cunha dose con anterioridade, administrárase outra dose para completar a pauta con dúas doses.

## **VACINACIÓN EN GRUPOS DE RISCO**

**Vacinación nas persoas susceptibles incluídas nos grupos de risco abaixo indicados.** Neste caso recoméndase a vacinación fronte á varicela ás persoas susceptibles a partir dos 12 meses de idade por ter unha maior probabilidade de enfermidade grave no caso de infección. Considerárase susceptible toda persoa que non presente inmunidade fronte ao virus da varicela.

Pauta de vacinación: 2 doses, cun intervalo mínimo entre elas de 4 semanas.

### **Grupos de risco:**

#### **1. Persoas susceptibles coas seguintes inmunodeficiencias:**

**1.1. Inmunodeficiencias primarias:** agammaglobulinemia ligada ao sexo e inmunodeficiencia común variable (se non se atopan a tratamento con inmunoglobulinas), déficit illado de IgA e hiper IgM, déficit illado de subclases de IgG, trastornos da fagocitose, do complemento e de neutrófilos.

#### **1.2. Inmunodeficiencias secundarias:**

- Persoas susceptibles con leucemia aguda en terapia de mantemento (suprimírase esta unha semana antes e outra despois da vacinación) ou persoas con tumores sólidos que completaron tratamento con quimioterapia (vacínaranse 3 meses despois de telo completado).
- Persoas VIH susceptibles con recuento de linfocitos T CD4  $\geq 200$  células/ $\mu\text{g}$  en adultos e  $\geq 15$  en nenos.
- Pacientes en espera de transplante de órgano sólido. Deberían ser vacinados polo menos 4-6 semanas antes da administración do tratamento inmunosupresor.



- Persoas que reciben tratamento que pode inducir inmunosupresión, incluída a terapia oral ou parenteral con corticoides a doses altas.

Débase considerar o momento máis axeitado para a vacinación en función do tratamento, dosificación, duración da terapia e da idade; en todo caso, a vacinación realizarase de xeito individual.

En xeral, deberase suprimir a terapia de mantemento polo menos dúas semanas antes e dúas despois da vacinación. Se as doses de corticoides son elevadas, deberá retirarse 4 semanas antes e reiniciala dúas semanas despois.

Os pacientes sometidos a radioterapia non se deberían vacinar durante a fase de tratamento.

Nas persoas en tratamento con axentes biolóxicos, o intervalo entre o cesamento do tratamento e a vacinación será polo menos de 3 meses.

## **2. Persoas susceptibles non inmunodeprimidas con enfermidades crónicas:**

- Mucoviscidose ou fibrose quística.
- Enfermidade cutánea diseminada grave.

## **3. Persoas susceptibles incluídas nos seguintes grupos:**

- Contactos estreitos de pacientes de alto risco nos cales a vacina está contraindicada ou de embarazadas susceptibles
- Menores de 18 anos con tratamento crónico con ácido acetil salicílico
- Mulleres en idade fértil, sempre e cando refiran non estar embarazadas
- Ocupación laboral: persoal sanitario e persoal de educación infantil
- Adolescentes maiores de 12 anos e adultos susceptibles. Dada a alta proporción de poboación inmune nestes grupos de idade, non se establece a necesidade de levar a cabo estratexias de busca activa para a súa captación.

### **Protocolo de actuación:**

Para a selección de persoas susceptibles candidatas a vacinar maiores de 12 anos, realizarase anamnese sobre o padecemento ou non da enfermidade así como da súa historia de vacinacións.



- Aqueles que refiran tela padecido ou antecedente de vacinación con dúas doses: consideraranse inmunes.
- Aqueles que só recibiron con anterioridade unha dose: deberán completar a pauta de vacinación.
- Aqueles que refiran non tela padecido ou teñan dúbida sobre o seu padecemento: deberán realizar seroloxía e se esta é negativa consideraranse susceptibles (en menores de 13 anos non será necesario realizar comprobación serolóxica, abondará coa anamnese).

### **VACINACIÓN POSTEXPOSICIÓN**

A vacinación postexposición como medida de control ante a aparición dun caso ou ante un abrocho realizarase cando se cumpran as seguintes condicións:

- Individuos expostos susceptibles con risco de padecer enfermidade grave e aos seus contactos (convivintes, traballadores sanitarios): a vacinación levarase a cabo para protexer os contactos susceptibles con risco de varicela grave dentro dos 3 días (máximo 5 días) tras a exposición.

### **XESTIÓN DAS DOSES VACINAIS**

As vacinas facilitaranse gratuitamente por parte do Programa galego de vacinacións para o seu uso en todos aqueles casos que cumpran os criterios anteriormente expostos.

**A subministración dentro do Programa galego de vacinación non sofre modificacións,** xa que a vacina segue a estar dispoñible nos centros de saúde para a utilización nas condicións anteriormente descritas.

#### **Solicitude de doses:**

As peticións realizaranse á través da páxina web do Sergas, coma co resto das vacinas (<https://extranet.sergas.es/vaweb/VAWEB/AccesoPeticonesVacunas.aspx?IdPaxina=700263&seccion=0>)

A solicitude de doses deberase adaptar ás necesidades reais do centro, tendo en conta que non é necesario acumulalas xa que poden ser subministradas coa periodicidade establecida en cada punto de vacinación.



As demais indicacións, tanto en nenos como en persoas maiores que non pertencen a ningún dos grupos antes sinalados, non están incluídas para a súa vacinación gratuíta por parte do sistema sanitario.

**Rexistro de doses:**

Nos centros do Sergas, as doses administradas debense rexistrar en IANUS como calquera outra vacina.


Os restantes centros rexistrarán as doses que administren vía web.

(<https://extranet.sergas.es/vaweb/VAWEB/AccesoPeticonesVacunas.aspx?IdPaxina=700263&seccion=0>)

Para máis información da vacina fronte á varicela pódese revisar a súa ficha técnica, dispoñible na páxina web da Consellería de Sanidade (Dirección Xeral de Saúde Pública) [www.sergas.es](http://www.sergas.es).


Santiago de Compostela, 15 marzo de 2016

A directora xeral de Saúde Pública



Sonia Martínez Arca

O director xeral de Asistencia Sanitaria



Jorge Abol Vifias